

AVESTRUCES NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Tras un ano da última prórroga do concurso do Servizo de Axuda no Fogar En Carballiño, xestionado por Gesmedical, o comité de empresa quere facer balance e refrescar a memoria a todos aqueles que aínda agora non lles queda claro porqué nos encontramos nesta situación.

Dende xullo 2023 cambio o administrador da empresa e dende ese momento empezaron a notarse cambios, sutís, pero notáronse, sobre todos nos centros residenciais, non tanto na xestión do noso servizo. O primeiro, deixamos de cobrar por convenio, entre o 1 e o 4 de cada mes e comezamos a cobrar o 5,6,7... non por convenio.

Sabíamos que o servizo daba perdas xa que, o señor T.F.F, director de operacións da empresa, nunha das reunións que el mantíña co comité, asegurou que o SAF de Carballiño daba unha perda mensual de preto de 7000 euros. En varias reunións insinuaron que poderían entrar en concurso de acredores, o cal xerou medo e incerteza nos membros do comité. En todo momento asegurou que non tiña intención de prorrogar o contrato. Isto sucedeu antes de marzo 2024.

A prórroga co concello, de levarse a cabo, sería do 1-04-2024 ó 31-03-2025, e dando ese tipo de perdas, o comité considerou necesario e urxente informar ó alcalde e ó concelleiro que nese momento estaba ó cargo da concellería de servizos sociais.

Ambos restaron importancia á situación da empresa, asegurando que dende a empresa, e persoas alleadas, lles transmitían que a empresa quería continuar.

Certo é que, asegurando que Carballiño daba perdas, se presentaron ó concurso do SAF De Nogueira de Ramuín, o cal gañaron, cun prezo similar ó de Carballiño, algo que resultaba curioso, pero as contas son as que son.

Dende o comité foise claro, a empresa podía dicir o que quixera pero a situación era a que era, e corría risco o servizo, as traballadoras e os usuarios.

A pesar de isto, o concello seguiu a diante coa prórroga, sendo obrigatoria para a empresa se o concello así o decide.

No mes de xuño 2024, cambiou a concelleira ó cargo, e tamén mantivemos reunións con ela, na cal informamos da situación que estaba a suceder.

E certo que en todo momento dende o concello, alcalde, concelleiro e concelleira posterior, nos recibiron, o que tamén é certo, e que no seu momento non tomaron as medidas que tiñan que haber tomado, e que non cumpriron co que nos dixeron: En outubro poñémonos cos pregos, ensinámosvolos, etc etc e o concurso a principios de 2025 está resolto

Encontrámonos con que os incumprimentos por parte da empresa foron xa non tan sutís, non contrataron persoal para baixas médicas, unha das coordinadoras deixou o seu posto e non cubriron o seu posto, nin con persoal nin co tempo preciso para darlle formación necesaria, senón que unha traballadora social que xa estaba na empresa con outros cargos, asumiu o posto da compañeira máis o resto de funcións que tiña, o cal poden imaxinarse como resultou.

A paga extra de xuño cobrouse con 10 días de atraso, o concello foi coñecedor de estas situacións en todo momento

Dende Outubro de 2024 non se cubriron baixas médicas, o que ocasionou un caos para usuarios e auxiliares, que andaban de aquí para alá, sen ter claro nada. Usuarios que non sabían quen lle iba ir, cando e como, con cambios constantes de auxiliares substitutas.

En todo momento o comité de empresa informou ó concello, alcalde e concelleira, da situación que se estaba a vivir, e en todo momento a resposta era que o prego estaba en marcha e que o concurso saía xa.

A situación estaba sendo insostible, e no mes de decembro comezan os faltas de pagamento, non se cobrou a paga extra, que a día de hoxe seguimos sen cobrar, e cobramos a nómina o 13 de decembro.

Na última reunión co concello, alcalde e concelleira, se comprometeron a que o prego estaría listo antes do 7-01-2025. Aportamos as nosas melloras, e aseguraron que nos ensinarían o prego unha vez rematado. Acolleron a melloras asegurando que as terían en conta e lle parecían razoables, e que como moi tarde a mediados de febreiro de 2025 entraría unha nova empresa.

Aseguraron que se reuniran co señor T.F.F, director de operacións da empresa, e que se comprometeron a que en canto pagara o concello, as traballadoras cobrarían o seu soldo.

Que nos encontramos a día 4-02-2025:

No último pleno do concello de Carballiño, 30-01-2025, o alcalde asegurou que as traballadoras cobrarían o día 1-02-2025, estamos a día 4-02-2025 e non cobramos

Non consideraron necesario rescatar o servizo como ben fixo a Xunta de Galicia coa residencia de dependentes do Cornuval. Hai probas claras de incumprimento por parte da empresa, poderían rescindir o contrato e coller unha empresa ponte, mentres que sacan o concurso, garantindo así o servizo, xa que a situación vai empeorar probablemente. O concello non valora esta posibilidade No pleno aseguran que o luns 03-02-2025 o prego estaría exposto, non está exposto.

Aseguraron que en mes e medio o concurso estaría resolto, pero os prazos legais non dan esas contas.

En resumen, si, concello en todo momento escoitou o comité de empresa, pero fixo o que quixo e non cumpriu co prometido.

Ademais dos incumprimentos que a empresa facía ata agora, hai que sumar que non están a informar ó comité nin das altas, ampliacións, baixas, reducións de horas, para que se poida garantir a quen se lle adxudican estes servizos, se se cumpre o convenio ou non, non se está respondendo as traballadoras en cuestións fundamentais como solicitudes de vacacións, excedencias, etc

Non se informa das novas contratacións en tempo e forma.

Hoxe por hoxe hai, 4 persoas de baixa médica que non teñen substituta.

Con todo isto, a nosa conclusión é clara:

Nin lles importa o servizo, nin lles importamos as traballadoras, nin lles importan os usuarios.

O único que lles importa é non ter problemas e salvar a papeleta.

Ninguén asume nada, ninguén pediu desculpas por a xestión desastrosa que se fixo e ninguén asume que isto vai ser unha agonía como non tomen as medidas urxentes que teñen que tomar.

Avestruces que meten a cabeza no buraco pensando que así o problema se vai ir, e non, o problema, cando saquen a cabeza do buraco, será tan grande, que lles vai rebentar na cara.

Pero claro, vostedes cobran a finais de mes, e vostedes non son as traballadoras nin os usuarios que están a sufrir as consecuencias de tremendo problema.

Agora saian a dicir que non entenden a nosa postura.

COMITÉ DE EMPRESA GESMEDICAL DIS SL